

INSTRUCCIÓN XERENCIAL SOBRE O MANTEMENTO DA REDUCCIÓN SALARIAL SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 12/2015, DO 24 DE DECEMBRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2016, DOG DO 31 DE DECEMBRO.

Con data de 20 de xaneiro de 2014 ditouse a *“Instrucción xerencial sobre a aplicación na Universidade de Vigo do mantemento da redución retributiva disposta nos artigos 37 e 38 da Lei 27/2013, do 27 de febreiro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 consonte o fixado na lei 11/2013, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014”*.

Con data de 31 de decembro de 2014 o Diario Oficial de Galicia publicou a Lei 12/2015, do 31 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015, que no seu artigo 34. Tres recolle que *“As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia experimentarán un incremento do 1 por cento respecto ás vixentes o 31 de decembro de 2015”*.

Con data de 30 de decembro de 2015, o Boletín Oficial do Estado publicou o Real Decreto 1171/2015, de 29 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2016, fixando a contía mensual do mesmo en 655,20 euros.

Nesta situación a Instrución xerencial de data 20 de xaneiro de 2014 permanece vixente durante o ano 2016, respectando o incremento do 1% previsto na lei autonómica e modificándose, ao fin de adaptala ao SMI vixente, o importe que figura no apartado Cuarto da instrución, aplicándose a minoración salarial só a aqueles empregados cuxo salario, a xornada completa e en cómputo anual sexa de 13.759,20 euros, ou superior, sen que, unha vez aplicada a minoración salarial, o salario resultante poda ser inferior aos 13.759,20 euros. No caso de realizarse unha xornada inferior á completa a cantidade sinalada reducirase en proporción á xornada realizada.

Vigo, 18 de xaneiro de 2016

O Xerente

Manuel Fernández Jauregui

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201600000756
18/01/16 13:47:36